

**ACTA**

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2023/33	A Xunta de Goberno Local

**DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria-Urxente
<b>Data</b>	19 de outubro de 2023
<b>Duración</b>	Dende as 13:20 ata as 13:46 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

**ASISTENCIA A SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Antonio Ferro Losada	NON
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA****Ratificación da urxencia da convocatoria****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

### **Expediente 1624/2023. Solicitude de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 11 de outubro de 2023, no que se indica a necesidade de sufragar os custes derivados dos libros de texto escolares dun menor dunha familia refuxiada ucraína.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2023.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do custes dos material escolar do fillo menor de idade da usuaria Y.R.

Segundo.- Aprobar a factura 218 por importe de 71,91 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a LIBRERÍA PILY.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

### **Expediente 1614/2023. Aprobación facturas outubro.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación dos gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
FE232303008	ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	SUMINISTRO AGLOMERADO MBF 2020	625,53
FE232305005	ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	SUMINISTRO AGLOMERADO MBF 2020	4.442,66
CO2236072	AUSARTA CONECTA, S. L.	Cuota de comunicacións	193,94
Emit-50	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	G189/2023 PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓ	2.539,90

Emit-2316	CAMPOS FERRO , NATALIA	Mellora da accesibilidade dos vestiarios do p	3.327,50
Emit-2317	CAMPOS FERRO , NATALIA	Dirección das obras de Mellora e ampliación d	2.359,50
2308600151458	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20230801	241,88
2308600151661	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20230801	660,12
2308600151571	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 216663 222373 M_IRADV	193,04
2308600161726	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 175940 179103 M_IRADV	239,60
2308600175473	CANON ESPAÑA, S. A. U.	TOTAL SMALL COLOR (123) 179103 183070 M_IRADV	307,00
2308600175704	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20230901	241,88
2308600175609	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20230901	660,12
2308600175733	CANON ESPAÑA, S. A. U.	TOTAL SMALL COLOR (123) 222373 227227 M_IRADV	159,56
10/69972	CODROGA, S.L.	MATERIAL DE LIMPEZA	933,44
01 - 2.016/23	COESCO DEZA, S. L. U.	COMIDAS INTERCAMBIOS	2.380,68
B23094	COESCO, S. L. U.	SERVIZO DO PROGRAMA LUDICO- EDUCATIVO DE APERT	4.033,80
A1753	CONTALOCAL S.L.	instalación radioenlace y señal wifi en campo	3.159,24
06B-230201	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	Mantemento parques e xardíns	4.295,50
LCR23/017	COSTA REQUEIJO , LUIS	TRABALLOS CON CAMIÓN GRUA SERVIZO DE AUGAS	1.089,00
LCR23/016	COSTA REQUEIJO , LUIS	TRABALLOS CON MAQUINA	1.694,00
022023/02/168	ECOCOMPUTER, S. L.	2203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral cont	358,57
202319	ESTUDIO ARQUILOM, S. L. P.	Honorarios por el SERVICIO DE DIRECCIÓN FACU	9.808,77
006/2023	FERNÁNDEZ LÓPEZ , LAURA MARÍA	DECORACIÓN INAUGURACIÓN PARQUE INFANTIL DE BA	240,00
004/2023	FILLOY GONZÁLEZ , XOSÉ	CESTAS AGASALLO IRMANDAMENTO	200,24
1316	FONDEVILA GARCÍA , JUAN RAMÓN	SUMINISTROS INTERCAMBIOS	108,00
P12304900074390 6	GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	SUMINISTRO GAS INMOBLE RÚA PONTEVEDRA	8,31
2023066	GÓMEZ MOREIRA , JOSÉ ANTONIO	BANDEIRAS INSTITUCIONAIS E CAMISETAS SOCORRIS	305,16
060/23	GONZALEZ ABAL , ANTONIO	PEZA ARTESÁN 1º PREMIO FESTA DA EMPANADA	350,90
202320	J&A ESCARIZ ABOGADOS SLP	REPRESENTACIÓN PROCESAL E DIRECCIÓN LETRADA P	1.210,00
202321	J&A ESCARIZ ABOGADOS SLP	REPRESENTACIÓN PROCESAL E	2.299,00

### Concello de Silleda

		DIRECCIÓN LETRADA P	
2023-RE/FV00021025	LA LEY SOLUCIONES LEGALES, S. A.	BOL-29423253#CR#ECA7 - EL Consultor de los Ay	2.924,33
173	LÓPEZ ROMERO , SILVIA	MATERIAL DE OFICINA	5,95
0357-23	NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO XULLO	363,00
23/177	PANADERÍA PANIMELLA, S. L.	SUMINISTROS INTERCAMBIOS	316,00
F004958	PROINDEX, S. L.	PAPEL HIGIENICO Z GOLD+ 36x200 PA0175 CAJA,B	490,66
01/409939	RESTAURANTE CHOUSIÑO, S. L.	PAELLA INTERCAMBIOS	440,00
4003804256	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta Certificada Jd GE 0 - 50 gr D1(GRANDES	262,45
2023/2441	SOGAMA	Tratamiento RU Mes Agosto 2023,Bonificación	16.504,96
2023/2492	SOGAMA	Tratamiento RU Mes Xullo 2023,Bonificación	15.172,03
5549102273	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	361323AL0001049 3613 LALÍN I.P.V. 5 / 2070DG	110,87
28-J3M0-002457	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N	284,63
28-J3M0-057368	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N	27,83
SI 202335	UTE SILLEDA SOSTIBLE	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU	32.757,09
		<b>TOTAL</b>	<b>118.326,64</b>

### Expediente 1623/2023. Aprobación facturas outubro 2023. Omisión

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
Emit-51	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	Servizo de atención ao público no Mosteiro de	1.743,61
A1738	CONTALOCAL S.L.	Mantenimiento informatico, contable y web en	917,88
ZZ230120	EMPRESA LAZARA, S. A.	Servicios realizados a COXESI , por el trasla	1.952,50
C233623	LIMPIEZAS FARO, S. L.	PERIODO DEL 01/09/2023 A 30/09/2023,SERVICIO	1.270,50
8	MATO LUACES. LIDESIL , MANUEL ÁNGEL	LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	287,98
1710	PARQUE 7, S. L.	Servicio Laboral	302,50
R31000721059	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	cable 350 megas	66,55
R31000718663	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20355572 línea 10 megas,20537807 plan int	103,24
R31000718479	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581028 solución empresa NOBA,986180271 d	122,84
R31000718497	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20345077 línea 10 megas,986592037 solució	231,59
R31000718500	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20554793 plan internet 10GB,986592004 mam	120,26
R31000718501	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581701 solución empresa,20945352 inter	244,75
R31000718503	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580064 solución empresa NOBA,986580064 I	72,60
R31000718504	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585470 Dect IP,986585550 acceso internet	52,03
R31000718505	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585838 solución empresa,986585838 acceso	61,71
R31000718472	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580000 solución empresa NOBA,20411054	741,42
TA73J0017777	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986	97,65
YE2307EL00047811	THE YELLOW ENERGY, S. L. U.	Alquiler de equipo de medida,Potencia consumi	4.586,66

9004216067	THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.	POR EL SERVICIO DE MANTENIMIENTO DEL NUMERO D	903,87
			13.880,14

Visto o informe de intervención nº 82 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

### **Expediente 1627/2023. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos - Quenda libre ARQUITECTO/A TÉCNICO**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a oferta pública de emprego para 2023 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13-09-2023 e no DOGA de data 06-10-2023.

Elaboradas as bases específicas para o proceso de quenda libre ARQUITECTO/A TÉCNICO e visto o informe proposta emitido pola Secretaría.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:

**PRIMEIRO.** Aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos en que figuran non expediente.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica deste Concello.

**TERCEIRO.** Publicar un extracto da convocatoria en ou Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para ou cómputo do prazo de presentación de instancias.

Anexo:

**BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE UNHA (1) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL : ARQUITECTO/A TÉCNICO/A**

## **PRIMEIRA. OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS**

1.- Estas bases específicas teñen por obxecto regular a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal funcionario, en quenda libre e mediante o sistema de oposición, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Silleda e foi incluída na correspondente oferta de emprego público, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13-09-2023 e no DOGA de data 06-10-2023.

## **SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DAS VACANTES QUE SE CONVOCAN E TITULACIÓN ESIXIDA**

Clase de persoal:

a) Persoal funcionario de carreira das escalas de administración xeral ou especial, tal e como se detalla no cadro seguinte:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO // SUBGRUPO	ESCALA // SUBESCALA	NÚM. PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA
ARQUITECTO/A TÉCNICO/A	A2	AE	1	Arquitecto/a Técnico/a	4

Titulación esixida: a efectos desta convocatoria, terase en conta como titulación esixida determinada de maneira explícita na columna respectiva.

Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo (RPT) municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

Retribucións: as básicas propias do seu grupo e subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias que estean fixadas para o posto ao que se adscriba segundo a RPT vixente, sen prexuízo daquelas de índole persoal ou variable a que, se é o caso, poida ter dereito.

Xornada de traballo: completa.

## **TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

1.- Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, no momento en que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Posuír a titulación esixida nas correspondentes bases específicas ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
- f) Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse nas correspondentes bases específicas.

#### **CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.**

1.- As instancias para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse preferentemente por vía electrónica no modelo normalizado que está a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello (<https://silleda.sedelectronica.gal>). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do/a aspirante ao proceso selectivo.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública no Taboleiro de Edictos da páxina web e na sede electrónica deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias.

Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía sobre todo isto, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria de inicio do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do órgano de selección e dos sucesivos anuncios do Órgano de Selección que resolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica del Concello.



Coa publicación da lista provisional de admitidos, indicárase a composición do Tribunal, e se non se presenta recusación contra calquera do seus membros, nese caso, tería que resolverse expresamente sobre iso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, procederá a publicarse polos medios establecidos o lugar, a data e a hora da baremación dos méritos, ó tempo que se publicaría a lista das persoas aspirantes definitivamente admitidas ó proceso.

2.- Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

3.- Coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da nacionalidade e identidade da persoa aspirante.
- Acreditación do pago da taxa polos dereitos de exame.
- Titulación académica ou profesional esixida. . En caso de titulacións obtidas fóra do Estado Español, deberá presentarse ademais a homologación das mesmas polas autoridades educativas españolas.
- CELGA 4

4.- A documentación presentarase por medio de copia simple sen necesidade de cotexo, sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (ou daqueloutras previsións normativas análogas, concordantes ou substitutivas), se poida requirir posteriormente a documentación ou información orixinal e o seu cotexo.

5.- As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa por dereitos de exame de acordo coa vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección de persoal ( BOP Pontevedra 10 de outubro de 2022), segundo se especifica:

	Euros
Subgrupo A1	30
Subgrupo A2	25
Subgrupo C1	20
Subgrupo C2	15
Agrupacións Profesionais	10

O ingreso do importe da taxa efectuarase por medio de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Municipal, e realizar o seu ingreso no número de conta ES27 2080 5443 3731 1010 0171 antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición no proceso selectivo, á que se deberá acompañar o xustificante de pago da taxa, e, no seu caso, da documentación xustificativa das

reducións recollidas no artigo 5º da ordenanza.

#### **QUINTA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

O órgano de selección estará integrado por cinco membros nomeados pola Alcaldía, cos seus suplentes.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

Publicarase no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica do CONCELLO DE SILLEDA e estará constituído como segue:

Todas as persoas integrantes do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso que requira dunha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo de calquera das Administracións públicas.
- Vocal: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo de calquera das administracións públicas.
- Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, a confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Todos eles deberán cumprir cos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos pola Lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

Cada proposta de nomeamento do titular implicará tamén a designación dun Suplente cos mesmos requisitos e condicións.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano de colexiado, levantándose acta de tódalas reunións que se manteñan. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do Presidente do Tribunal.

A Alcaldía poderá designar asesores especialistas para asistir ó Tribunal, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, se non de colaboración e proposta. O seu nomeamento, no seu

caso, deberá facerse público xunto co do Tribunal.

O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases, sempre con respecto á lexislación vixente nesta materia.

## **SEXTA. CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

1.- O proceso selectivo será o de oposición. Cada exercicio da oposición terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

2.- Exercicios.

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na resolución dun cuestionario tipo test. O mesmo constará de 80 preguntas das que 16 tratarán sobre as materias recollidas na parte xeral do anexo 1 e 64 sobre materias da parte específica.

O tempo para realizar o exercicio será de dúas horas.

Se formularán 5 preguntas de reserva.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 5 puntos.

b) Segundo exercicio:

Consistirá en expoñer por escrito dous temas escollidos ao chou, un de cada un dos apartados da parte específica.

O tempo para realizar o exercicio será de tres horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos.

c) Terceiro exercicio:

De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 180 minutos, de varios supostos prácticos (cinco como máximo) relacionados co temario recollido nas bases específicas e co cometido funcional da praza.

Na cualificación do exercicio valorarase, o nivel de coñecementos, a precisión e o rigor técnico na presentación, exposición e resolución das cuestións e a súa relación co cometido funcional e tarefas

propias da praza.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos.

3.- Os/As aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición.

4.- Se durante o desenvolvemento do proceso o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos/as aspirantes non reúne os requisitos esixidos na convocatoria, acordará a súa exclusión, previa audiencia ao interesado e comunicarllo á Alcaldía.

Así mesmo, o tribunal poderá excluír do proceso selectivo durante o desenvolvemento das probas aos aspirantes que realicen calquera actuación fraudulenta.

En todo caso, o órgano de selección poderá requirir dos aspirantes cantas aclaracións complementarias sexan precisas.

5.- As cualificacións dos aspirantes redondearanse ata o segundo decimal.

Unicamente se publicará a relación e cualificación dos aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terán a cualificación de non apto.

#### **SÉPTIMA.- DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN**

1.- A data, lugar e hora de celebración do primeiro exercicio publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de oito días hábiles.

Entre a publicación dos resultados dun exercicio e o seguinte non poderán transcorrer menos de 5 días hábiles.

Chamamentos.- Na data, lugar e hora que foron convocados as persoas candidatas para a realización dos exercicio.

2.- A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «V», segundo RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- A non presentación da persoa candidata ao exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo

4.- Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaraas o comezo do exercicio e poderá

requirirles, en calquera momento do proceso selectivo, para que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

5.- No desenvolvemento dos exercicios estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.

6.- As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización da calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, o eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial.

A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

#### **OITAVA.- CUALIFICACIÓN DA PROBA E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal non proporá en ningún caso a un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Os restantes aspirantes serán considerados NON APTO. Tralo prazo de solicitudes de revisión publicarase o resultado definitivo.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes

#### **NOVENA. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS**

1.- O/A aspirante proposto para o seu nomeamento deberá presentar, no prazo de vinte (20) días naturais desde a publicación da relación definitiva do/a aspirante que superaron o proceso selectivo, os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas:

a) Os presentados mediante copia simple conforme a base 4ª

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario.

No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión ou declaración de opción de conformidade co artigo 10º da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

d) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.

e) Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).

Quen teña a condición de persoal ao servizo das Administracións Públicas estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso, poderán presentar certificación da Administración Pública da que dependan acreditativa daqueles extremos.

2.- Os aspirantes propostos para o nomeamento ou contratación que no prazo sinalado no apartado anterior non presentaran a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunisen os requisitos esixidos non poderán ser nomeados e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

3.- A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo dun mes, de non facelo sen mediar causa xustificada, será declarado en situación de cesante e decaído no seu dereito ao nomeamento. Neste suposto, a Alcaldía declarará deserta a praza.

## **DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais informase ás persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal que faciliten serán incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal e recoñéceselles a posibilidade de exercitaren gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Silleda.

As persoas interesadas autorizan o Concello de Silleda para tratar os seus datos nos termos anteriormente descritos así como para publicalos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

## **UNDÉCIMA. IMPUGNACIÓN**

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnadas polas persoas nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **DUODÉCIMA. LISTA DE AGARDA**

Non se constituirá lista de agarda.

### ANEXO 1 TEMARIO:

#### PARTE XERAL

- 1.- Constitución española. Título I. Capítulo segundo. Dereitos e liberdades.
- 2.- Constitución española. Título I. Capítulo terceiro. Principios rectores da política social e económica.
- 3.- Constitución española. Título VIII. Organización territorial do Estado.
- 4.- Ley 7/1985. O municipio. Territorio e poboación.
- 5.- Ley 7/1985. Organización do municipio.
- 6.- Ley 7/1985. Competencias do municipio
- 7.- Lei 39/2015, do 1 de outubro. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Instrucción do procedemento.
- 8.- Lei 39/2015, do 1 de outubro. Actividade das Administracións Públicas. Normas Xerais de actuación.
- 9.- Lei 39/2015, do 1 de outubro. Dos actos administrativos. Eficacia dos actos.
- 10.- RDL 5/2015, do 30 de outubro. Persoal ao servizo das administracións públicas. Clases de persoal.
- 11.- RDL 5/2015, do 30 de outubro. Persoal ao servizo das administracións públicas. Situacións administrativas.
- 12.- RD Legislativo 2/2004 e RD 500/1990. Execución do orzamento. Fases do procedemento de xestión de gastos. Competencias en materia de xestión de gastos. Ordenación de pagos.

#### PARTE ESPECÍFICA.

##### Primeira parte

- 1.- Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Disposición xerais. Condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais dos cidadáns.
- 2.- Lei 1/2019, de 22 de abril de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Disposición xerais. Actuacións sobre o medio urbano. Coordinación administrativa para a rehabilitación.
- 3.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Principios xerais. Competencia e organización administrativa. Administracións competentes. Competencias e órganos urbanísticos no ámbito da Comunidade autónoma. Competencias urbanísticas no ámbito local.

- 4.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Réxime urbanístico do solo: Solo Urbano e solo urbanizable
- 5.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Réxime urbanístico do solo: Solo rústico e núcleos rurais.
- 6.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Planeamento Urbanístico.
- 7.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Execución do Planeamento Urbanístico.
- 8.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Intervención na edificación e uso do solo.
- 9.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Disciplina urbanística.
- 10.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Patrimonio público do solo.
- 11.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Convenios urbanísticos.
- 12.- Valoracións. Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Real decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo. Expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial. O proxecto de expropiación. Indemnización das facultades urbanísticas.
- 13.- Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia; complementado pola Resolución da CMAOT, de 6/8/2018 (PBA/2018). Plans básicos municipais.
- 14.- Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. Protección do dominio público viario.
- 15.- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Disposicións xerais. Tipos de bens. Réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.
- 16.- As comunicacións previas e as declaracións responsables. Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia. Obras destinadas ao desenvolvemento de actividades. Decreto 144/2016, de 22 de setembro, de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos
- 17.- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Real decreto 2816/1982, de 27 de outubro, do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativa
- 18.- Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Lei 2/2017, en relación con medidas provisionais de ordenación urbanística.
- 19.- A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. Disposicións xerais. Esixencias



técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

20.- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e normativa estatal concorrente.

21.- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia

22.- Orde VIV 561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o Documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados

23.- Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de augas. Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, de 11 de abril. Lei 9/2010, de 30 de xullo, de augas de Galicia. Protección do dominio público hidráulico. Competencias das administracións públicas e réxime xurídico correspondente.

24.- Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Silleda: Normas particulares en solo Urbano. Normas particulares en solo de Núcleo Rural.

Segunda parte:

1.- As medidas preventivas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Real decreto 486/1997, de 14 de abril, de disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

2.- Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

3.- Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE): Disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas.

4.- Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE): Documento CTE-DB SI seguridade en caso de incendio

5.- Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE): Documento CTE-DB SUA seguridade de utilización e accesibilidade

6.- Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE): Documento CTE-DB-HE aforro de enerxía

7.- Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE): Documento CTE –DB HS salubridade

8.- Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE): Documento CTE –DB HR protección fronte ao ruído

9.- Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios. Disposicións xerais. Produtos de protección contra incendios. Empresas instaladoras e empresas mantedoras. Instalación, posta en servizo e mantemento da instalación de protección contra incendios. Características e instalación dos equipos e sistemas de protección contra incendios

10.- Control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control de calidade na edificación. Normativa autonómica. Esixencias de control de recepción e execución no Código técnico de edificación. As medidas preventivas de control de calidade na construción.

11.- As medidas preventivas de protección ambiental na construción. Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición.

12.- A certificación de eficiencia enerxética. Real decreto 235/2013, de 5 de abril, polo que se aproba o Procedemento básico para a certificación enerxética dos edificios e Real decreto 56/2016, de 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE. Decreto 128/2016, de 25 de agosto, polo que se

regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

13.- Os sistemas de información sobre solo, urbanismo e edificación. Rexistro de planeamento urbanístico, Plataforma Urbanística Dixital e Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia.

14.- O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Formalización do Contrato. Comprobación da implantación.

15.- Execución do contrato de obras. Dereitos e deberes dos contratistas. Abonos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.

16.- A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.

17.- A Lei 7/2008 da protección da paisaxe de Galicia.

18.- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

19.- O Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

20.- O D 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

21.- Instalacións de telecomunicacións nos edificios. RD 346/2011 polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións.

22.- Instalacións térmicas nos edificios. RD 1027/2007 polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios.

23.- A protección do medio ambiente. Lexislación comunitaria, estatal e autonómica. A Lei 21/2013 de avaliación ambiental. A avaliación ambiental de plans e proxectos. A avaliación da incidencia ambiental.

24.- Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

### **Expediente 1323/2023. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos - Promoción interna EDUCARDOR/A SOCIAL**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a oferta pública de emprego para 2023 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13-09-2023 e no DOGA de data 06-10-2023.

Elaboradas as bases específicas para o proceso de promoción interna EDUCARDOR/A SOCIAL e visto o informe proposta emitido pola Secretaría.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos en que figuran non expediente.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Publicar un extracto da convocatoria en ou Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste

anuncio a que servirá para ou cómputo do prazo de presentación de instancias.

Anexo:

**BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POR PROMOCIÓN INTERNA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE UNHA (1) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL : A2 EDUCADOR/A SOCIAL.**

### **PRIMEIRA. OBXECTO E PREVISIÓNS XERAIS**

1.- Estas bases específicas teñen por obxecto regular a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, por promoción interna, de unha (1) praza de persoal funcionario, mediante o sistema de oposición, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Silleda a e foi incluída na correspondente oferta de emprego público, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13-09-2023 e no DOGA de data 06-10-2023.

### **SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DAS VACANTES QUE SE CONVOCAN E TITULACIÓN ESIXIDA**

Clase de persoal:

a) Persoal funcionario de carreira das escalas de administración xeral ou especial, tal e como se detalla no cadro seguinte:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO // SUBGRUPO	ESCALA // SUBESCALA	NÚM. PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIDA
EDUCADOR/A SOCIAL	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL TÉCNICA	1	Título universitario de Grao, Licenciatura ou equivalente en: Educación Social.

Titulación esixida: a efectos desta convocatoria, terase en conta como titulación esixida determinada de maneira explícita na columna respectiva.

Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo (RPT) municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

Retribucións: as básicas propias do seu grupo e subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias que estean fixadas para o posto ao que se adscriba segundo a RPT vixente, sen prexuízo daquelas de índole persoal ou variable a que, se é o caso, poida ter dereito.

Xornada de traballo: completa.

### **TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

1.- Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, no momento en que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Posuír a titulación esixida nas correspondentes bases específicas ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Antigüidade mínima de dous anos no grupo C1 do Concello de Silleda.

#### **CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.**

1.- As instancias para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse preferentemente por vía electrónica no modelo normalizado que está a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello (<https://silleda.sedelectronica.gal>). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do/a aspirante ao proceso selectivo.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública no Taboleiro de Edictos da páxina web e na sede electrónica deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións ou subsanar

deficiencias.

Subsanadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía sobre todo isto, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria de inicio do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do órgano de selección e dos sucesivos anuncios do Órgano de Selección que resolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica del Concello.

Coa publicación da lista provisional de admitidos, indicárase a composición do Tribunal, e se non se presenta recusación contra calquera do seus membros, nese caso, tería que resolverse expresamente sobre iso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, procederá a publicarse polos medios establecidos o lugar, a data e a hora da baremación dos méritos, ó tempo que se publicaría a lista das persoas aspirantes definitivamente admitidas ó proceso.

2.- Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

3.- Coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da nacionalidade e identidade da persoa aspirante.
- Acreditación do pago da taxa polos dereitos de exame.
- Titulación académica ou profesional esixida.

4.- A documentación presentarase por medio de copia simple sen necesidade de cotexo, sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (ou daqueloutras previsións normativas análogas, concordantes ou substitutivas), se poida requirir posteriormente a documentación ou información orixinal e o seu cotexo.

5.- As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa por dereitos de exame de acordo coa vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección de persoal ( BOP Pontevedra 10 de outubro de 2022), segundo se especifica:

	Euros
Subgrupo A1	30
Subgrupo A2	25
Subgrupo C1	20

Subgrupo C2	15
Agrupacións Profesionais	10

O ingreso do importe da taxa efectuarase por medio de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Municipal, e realizar o seu ingreso no número de conta ES27 2080 5443 3731 1010 0171 antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición no proceso selectivo, á que se deberá acompañar o xustificante de pago da taxa, e, no seu caso, da documentación xustificativa das reducións recollidas no artigo 5º da ordenanza

#### **QUINTA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

O órgano de selección estará integrado por cinco membros nomeados pola Alcaldía, cos seus suplentes.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

Publicarase no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica do CONCELLO DE SILLEDA e estará constituído como segue:

Todas as persoas integrantes do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso que requira dunha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a: Un/ha funcionario/a de calquera das Administracións públicas.

-Vocal: Tres funcionarios/as de calquera das administracións públicas.

-Secretario/a: Un/ha funcionario/a de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, a confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Todos eles deberán cumprir cos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos pola Lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

Cada proposta de nomeamento do titular implicará tamén a designación dun Suplente cos mesmos requisitos e condicións.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano de colexiado, levantándose acta de tódalas reunións que se manteñan. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do Presidente do Tribunal.

A Alcaldía poderá designar asesores especialistas para asistir ó Tribunal, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, se non de colaboración e proposta. O seu nomeamento, no seu caso, deberá facerse público xunto co do Tribunal.

O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases, sempre con respecto á lexislación vixente nesta materia.

#### **SEXTA. SISTEMA DE SELECCIÓN E PROCESO SELECTIVO.**

O proceso selectivo será o de oposición.

O exercicio da oposición terán carácter obrigatorio e eliminatorio. O temario ou programa de materias que ha de rexer a proba é o que figura no Anexo I destas bases.

A oposición consistirá na resolución dun cuestionario tipo test sobre as materias recollidas na parte xeral do anexo 1 e a contestación por escrito dun dos temas recollidos na parte específica do anexo 1. Para isto se sortearán dous temas e o aspirante escollerá un tema.

Para a realización da proba poderanse consultar textos legais non comentados, así como utilizar máquinas de calcular. O exercicio será corrixido directamente polo tribunal. Se valorará a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos plantexados de acordo co esixible a subescala administrativa.

#### **SÉPTIMA.- DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN**

A data, lugar e hora de celebración dos exercicios publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de oito días hábiles.

Chamamentos.- Na data, lugar e hora que foron convocados as persoas candidatas para a realización dos exercicio.

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «V», segundo RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A non presentación da persoa candidata ao exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará

automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaráas o comezo do exercicio e poderá requiririlles, en calquera momento do proceso selectivo, para que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

No desenvolvemento dos exercicios estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.

#### **OITAVA.- CUALIFICACIÓN DA PROBA E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal calificará o exercicio cunha puntuación de cero a dez puntos, sendo preciso obter un cinco para a superación do mesmo.

O Tribunal fará pública a relación das persoas aspirantes que superaron a proba, pola orde de puntuación total obtida na mesma. Tralo prazo de solicitudes de revisión (3 días naturais) publicarase o resultado definitivo.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes

#### **NOVENA. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO**

A toma de posesión no posto correspondente requirirá a acreditación do nivel de galego establecido na RPT do Concello de Silleda no procedemento de provisión de postos correspondente, non sendo precisa mentres o interesado permaneza no posto que ocupa con carácter definitivo.

#### **DÉCIMA. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS**

As persoas candidatas que sexan propostas polo tribunal para ocuparen as prazas convocadas deberán achegar, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

#### **UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais informase ás persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal que faciliten serán incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal e recoñéceselles a posibilidade de exercitaren gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Silleda.



As persoas interesadas autorizan o Concello de Silleda para tratar os seus datos nos termos anteriormente descritos así como para publicalos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

## **DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN**

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnadas polas persoas nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO 1 TEMARIO:

### **PARTE XERAL**

- 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura e contido.
- 2.- A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas: sistema de distribución de competencias. A Administración Local na Constitución.
- 3.- Os Estatutos de Autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia: características e contido.
- 4.- O acto administrativo. Concepto, clases e elementos. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade. A notificación: contido, prazo e práctica. A publicación. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito. A executoriedade dos actos administrativos. A execución forzosa. Medios de execución forzosa.
- 5.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os interesados no procedemento administrativo. O procedemento administrativo: concepto e clases. Os principios xerais do procedemento administrativo. As normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días hábiles e cómputo de prazos. A recepción e rexistro de documentos.
- 6.- Fases do procedemento administrativo xeral. Especial incidencia sobre as diferentes maneiras de terminación do mesmo. O silencio administrativo.
- 7.- Os recursos administrativos: concepto e clases.
- 8.- O municipio: concepto, elementos e competencias. O termo municipal. A poboación municipal.
- 9.- Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.
- 10.- A organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. O Pleno. O Alcalde. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Competencias de cada un deles. A participación dos veciños na xestión municipal. Réximes especiais.
- 11.- Os contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Os contratos menores. Órganos de contratación nas Entidades Locais. O perfil de contratante. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Os Rexistros oficiais de licitadores de empresas clasificadas. O Rexistro de Contratos do Sector Público. A Plataforma de contratación do Sector Público
- 12.- RD Legislativo 2/2004 e RD 500/1990: Execución do orzamento. Fases do procedemento de xestión de gastos. Competencias en materia de xestión de gastos. Ordenación de pagos.

## TEMARIO ESPECÍFICO ED. SOCIAL

- 1.- O/A educador/a social. Concepto e historia.
- 2.- Código deontolóxico do/a educador/a social.
- 3.- Funcións e competencias do/a educador/a social.
- 4.- A acción socioeducativa.
- 5.- O informe socioeducativo como ferramenta profesional da educación social.
- 6.- O equipo educativo.
- 7.- A Lei de Servizos Sociais de Galicia: estrutura e contido.
- 8.- Absentismo Escolar. Concepto. Causas. Protocolo de absentismo escolar de Galicia.
- 9.- Protocolo de acoso escolar de Galicia.
- 10.- O menor en situación de risco e desamparo. Intervención dos Servizos Sociais.
- 11.- O apoio e a vinculación afectiva. O apego.
- 12.- A crianza terapéutica: Definición, obxetivos.
- 13.- O maltrato infantil: concepto e tipoloxía.
- 14.- Pautas de intervención dende o ámbito social en maltrato infantil: Detección, notificación, valoración, intervención e seguemento.
- 15.- O acollemento familiar na Lei de apoio á familia e convivencia en Galicia. Modalidades.
- 16.- A atención temperá en Galicia: concepto e normativa.
- 17.- Intervención socioeducativa en menores en situación de conflito social.
- 18.- Intervención socioeducativa en adiccións na infancia e adolescencia.
- 19.- Recursos de detección do maltrato infantil: RUMI e Liña de axuda á infancia.
- 20.- O servizo de educación e apoio familiar municipal
- 21.- Os Servizos Sociais comunitarios.
- 22.- Os equipos técnicos do menor.
- 23.- A Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia: estrutura e contido.
- 24.- O menor como suxeito de dereitos: concepto e evolución histórica.
- 25.- Lei Orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia: Estrutura e contido.
- 26.- O acollemento residencial. Intervención socioeducativa.
- 27.- A calidade de vida das persoas maiores. Intervención socioeducativa.
- 28.- Lei Orgánica da Protección Xurídica do Menor: estrutura e contido.
- 29.- Valora: concepto e contido.
- 30.- Intervención socioeducativa con menores con Necesidades Educativas Especiais.
- 31.- A entrevista familiar. A entrevista como instrumento de traballo.
- 32.- O grupo: concepto e tipoloxías.
- 33.- A educación permanente en persoas adultas.
- 34.- O libro branco sobre a educación de persoas adultas.
- 35.- Plan Concertado. Normativa.
- 36.- Lei de Acción Voluntaria de Galicia. Estrutura e contido.
- 37.- O rexistro da acción voluntaria en Galicia. Estrutura, natureza e contido da normativa.
- 38.- Lei Orgánica reguladora da Responsabilidade Penal do menor: Estrutura e contido.
- 39.- Adolescencia. Definición. Cambios físicos e psicolóxicos.

- 40.- Parentalidade positiva: concepto e principios
- 41.- Programa de acollemento familiar para persoas maiores e persoas con discapacidade.
- 42.- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar da Xunta de Galicia.
- 43.- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo da Xunta de Galicia.
- 44.- Interculturalidade. Intervención socioeducativa na diversidade cultural.
- 45.- Observatorio Galego da Familia e Infancia.
- 46.- Consello Autonómico da Infancia e adolescencia.
- 47.- Recursos de apoio e intervención con familias e menores: Gabinetes de Orientación Familiar (GOF).
- 48.- Recursos de apoio e intervención con familias e menores: Puntos de encontro familiar.

#### Expediente 1669/2023. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) no eido da dixitalización do ciclo da auga destinado aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación permanente entre 5.000 e 20.000 habitantes, a presentar pola Deputación de Pontevedra para obter financiamento do next generation eu a través do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico ao abeiro das subvencións reguladas pola Orde TED/919/2023, do 21 de xullo, pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e apróbbase a segunda convocatoria de subvencións (2023).

Enterados da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente a convocatoria arriba citada, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:

**Primeiro.-** Adherirse ao PROXECTO ESTRATÉXICO PARA A RECUPERACIÓN E TRANSFORMACIÓN ECONÓMICA (PERTE) NO EIDO DA DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA DESTINADO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN PERMANENTE ENTRE 5.000 E 20.000 HABITANTES.

**Segundo.-** Comprométese a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

#### Expediente 1670/2023. Convenios (Aprobación, Modificación ou Extinción)

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 7 de febreiro de 2023 o Consello de Ministros autorizou o encargo da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos ao medio propio TRAGSATEC, que estará dirixido desde a Secretaría Xeral de Fondos Europeos para levar a cabo o servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das administracións públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), particularmente dirixido ás EELL de menos de 5.000 habitantes que son as que máis insuficiencia de medios técnicos e humanos teñen para poder participar no mesmo e cumprir coas obrigacións e requisitos que o mesmo leva conforme coa normativa europea e nacional (Plataforma de contratación de las AAPP código 2023 00000007).

Visto que para poder desenvolver este servizo de asistencia técnica e dinamización, é preciso que as EELL participen no PRTR e asinen un protocolo de adhesión, que en todo caso, non terá ningún tipo de repercusión económica para o concello.

Visto que as administracións públicas que se adhiran poden optar a todas ou a algunha das seguintes actividades:

- Dinamización da participación das AAPP no PRTR e soporte á tramitación da adhesión ao servizo
- Asistencia técnica na participación, seguimento e execución de subproyectos
- Asistencia técnica na utilización do sistema de información integrado (Coffee)
- Asistencia técnica no cumprimento das obrigacións de xestión do PRTR
- Recopilación e difusión de boas prácticas

Visto que a citada adhesión terá efecto a partir da recepción pola Secretaría Xeral de Fondos Europeos do acto de adhesión, comunicada por TRAGSATEC, momento a partir do cal a administración correspondente entenderase adherida ao servizo obxecto do encargo, e poderá comezar a recibir as actividades nel contidas.

Visto que o concello de Silleda participa na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e polo tanto está sometida as correspondentes obrigacións e requisitos que o mesmo leva conforme coa normativa europea e nacional e que polo tanto cumpre cos requisitos exixidos para a citada adhesión.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:

**PRIMEIRO.**- Expresar a vontade de adhesión de adherirse ao “servizo para a asistencia técnica e a dinamización da participación de Administracións Públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)”.

**SEGUNDA.**- Adoptar o compromiso a comunicar a TRAGSATEC a identificación do titular do órgano xestor responsable dos proxectos ou subproyectos (incluídos instrumentais) dos que sexa Entidade Executora/instrumental, e comunicar calquera modificación que se produza durante a vixencia do servizo.

**TERCEIRA.-** Designar a Dona Paula Fernández Pena, Concelleira de Xestión Urbana, Medio Ambiente e Promoción Económica en calidade de interlocutor co persoal de TRAGSATEC adscrito ao Encargo e cos Responsables do Encargo ou persoa designada por estes dentro da súa organización.

**CUARTA.-** Aceptar que a adhesión teña efectos desde a toma de razón polo Ministerio de Facenda e Función Pública do acto de adhesión.

**QUINTA.-** Facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para levar a cabo o mesmo.

#### **Expediente 1284/2023. Contratacións.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que, por Resolución da Alcaldía 2023-0732, de data 27/09/2023, acordouse:

*“PRIMEIRO.- Avocar as competencias sobre contratación delegadas na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución de Alcaldía de 27 de xuño de 2023.*

*SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación e dar apertura ó procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación abreviada, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato de subministro “ADQUISICION DE VEHÍCULO ELÉCTRICO PARA O SERVIZO DE XARDINERÍA DO CONCELLO DE SILLEDA”.*

*TERCEIRO.- Autorizar, pola contía de 55.000 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, aprobándose o gasto que corresponda con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.*

*CUARTO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de subministro “ADQUISICION DE VEHÍCULO ELÉCTRICO PARA O SERVIZO DE XARDINERÍA DO CONCELLO DE SILLEDA”, por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.*

*QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.*

*SEXTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.*

*SÉPTIMO.- Dar traslado do presente decreto ao Pleno, na próxima sesión que se celebre.”*

Visto que publicado anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Estado (PLACE) o día

28/09/2023, rematando o prazo de presentación de oferta o 13/10/2023 as 23:59 h.

Visto que pola Mesa de Contratación en sesión celebrada o 17/10/2023, declárase deserto o procedemento de contratación do expediente 1284/2023, “ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ELÉCTRICO CON VOLQUETE PARA O SERVIZO DE XARDINERÍA”, o non presentarse licitadores para este contrato.

Visto que de conformidade co indicado no artigo 150.3, segundo parágrafo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014(LCSP), non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo con os criterios que figuren no prego.

Interpretada dita disposición a contrario sensu, cabe concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo con os criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse deserta.

No presente suposto, non só non existe ningunha oferta que resulte admisible, senón que non se presentou ningunha proposición, o que impide que poida proseguirse o procedemento de licitación incoado e, en consecuencia, adxudicar o contrato.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Formalizar que a licitación do contrato de subministro “ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ELÉCTRICO CON VOLQUETE PARA O SERVIZO DE XARDINERÍA”, expediente 1284/2023, por procedemento aberto simplificado tramitación abreviada, queda DESERTA.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de conformidade co indicado no artigo 63.3, letra e), segundo parágrafo da LCSP.

#### **Expediente 1864/2022. Subvencións Directas ou Nominativas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Acta da Comisión de valoración do programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda, de data do 10 de outubro de 2023 que obra no expediente, onde acordan conceder subvención ás seguintes persoas solicitantes:

1º Sra. Edilena De Oliveira Amorim, propoñer que se lle conceda a subvención por un importe 1.200€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e por ser parada de longa duración.

2º Sr. Daniel Ángel Buzán, propoñer que se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao

baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, parado de longa duración, apertura de local e contratación de persoal.

3º Sra. Noelia Álvarez Cutrín, propoñer que se lle conceda a subvención por un importe 1.500€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e apertura de local.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder as subvencións as persoas solicitantes:

1º Sra. Edilena De Oliveira Amorim, propoñer que se lle conceda a subvención por un importe 1.200€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e por ser parada de longa duración.

2º Sr. Daniel Ángel Buzán, propoñer que se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, parado de longa duración, apertura de local e contratación de persoal.

3º Sra. Noelia Álvarez Cutrín, propoñer que se lle conceda a subvención por un importe 1.500€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e apertura de local.

Estas subvencións, deberán xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**